

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 5 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, e se nomean os tribunais cualificadores do concurso-oposición para o ingreso na categoría de celador/a, convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.

Mediante a Resolución do 1 de marzo de 2018 desta dirección xeral (DOG núm. 51, do 13 de marzo) convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de celador/a.

Pola Resolución do 24 de setembro de 2018 (DOG núm. 189, do 3 de outubro) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega.

Na base sétima da resolución de convocatoria dispónse que o/s tribunal/is cualificador/es do concurso-oposición será/n nomeado/s pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas e para este efecto publicárase a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa antedita base e finalizado o prazo de emenda previsto no punto 6.2 desta mesma resolución, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso na categoría de celador/a convocado pola Resolución do 1 de marzo de 2018.

Segundo. A lista coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega, poderá examinarse na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.



Terceiro. Nomear os membros dos tribunais, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo e que se relacionan no anexo desta resolución.

Cuarto. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Saíndade con data do 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Quinto. De conformidade coa base 6.3 da Resolución do 1 de marzo de 2018, contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO

Celador/a (vías de acceso libre-promoción interna e discapacidade xeral)			
Presidente/a titular	Couto Naya, Diego	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Secretario/a titular	Díaz López, Manuel	Persoal Funcionario do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia	
Vogal titular	González Álvarez, Enrique	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Vogal titular	Casal Moreira, Ana M ^a	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Vogal titular	Rego Murias, Rosa M ^a	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Presidente/a suplente	Moreiras Martín, Matilde	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Secretario/a suplente	Morán Losada, Francisco	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Grupo técnico da Función Administrativa
Vogal suplente	Vázquez Carrera, Ángela	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Vogal suplente	Blanco Barros, Eva	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Vogal suplente	González Vázquez, José Félix	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a



Celador/a (vía de acceso discapacidade intelectual)			
Presidente/a titular	Carballo Castro, Milagros	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Secretario/a titular	Rúa Moure, M ^a Jesús	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Grupo técnico da Función Administrativa
Vogal titular	Vázquez Cagiao, Ana Carlota	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Vogal titular	Méndez Graña, Gabriel	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Vogal titular	Gómez Cruz, Santiago Antonio	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Presidente/a suplente	Ramos Fernández, José Luis	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Secretario/a suplente	Sampedro Morandeira, José Luis	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Grupo técnico da Función Administrativa
Vocal suplente	Vázquez Santos, Jesús Andrés	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Vogal suplente	Muíños Cernadas, Silvia M ^a	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a
Vogal suplente	Berciano López, Ángeles	Persoal Estatutario de Xestión e Servizos	Celador/a

